



PIC



13065216520243157141

En contestación á petición de data 4 de maio de 2020 con número de rexistro 2020014784, unha vez consultado o departamento de subvencións en referencia á subvención "Obras de reforma e acondicionamento de aulas do CEIP Plurilingüe de Ribadavia para o desenvolvemento indican que no pleno de 29 de abril aprobouse a modificación orzamentaria nº 3/2020 , na que está contemplada esta subvención, rematando o período de exposición pública o día 26 de maio, data a partir da cal se iniciarán os trámites para a concesión, indicándolle que o expediente estará á súa disposición, para que, en horario de oficina, calquera deputado/a do Grupo do PSdeG-PSOE, poida realizar a consulta nas datas e lugares seguintes:

EXPEDIENTE	LUGAR
"Obras de reforma e acondicionamento de aulas do CEIP Plurilingüe de Ribadavia"	TRANSPARENCIA

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 27 de maio de 2020

O PRESIDENTE



José Manuel Baltar Blanco.

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.
Grupo de PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.